



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DIA 3 DE AGOSTO DE 2022.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro
D^a Raquel Caruncho Corral
D^a Yolanda Vázquez Busto
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
D^a Ángela Piñeiro Carrera
D^a. Manuela García Fachal
D^a Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luis Angel Díaz González.
D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as catorce horas e trinta e catro minutos do día tres de agosto de dous mil vinte e dous, xúntanse, en sesión extraordinaria e urxente do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral e a Interventora Municipal.

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D^a. Lucía Varela Martínez

Non asiste (xustificando a ausencia):

D. Luis Pena Mosquera

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.-. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 03/08/2022.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 03/08/2022

Expediente: 2022/G006/000187





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A urxencia da celebración desta sesión ven derivada dos prazos para subsanar documentación segundo se desprende dos informes do Técnico de Desenvolvemento Local.

Tendo en conta o informe do Técnico de Desenvolvemento Local de data 02/08/2022, o cal establece:

“Visto o requerimento de documentación achegado por correo electrónico o 20/07/2022, e dando un prazo de 15 días naturais para subsanar a documentación necesaria para as axudas solicitadas:

1.- APARCAMENTO CEIP ANDRADE PONTEDEUME.

2.- SEÑALIZACIÓN Y MEJORA DE RUTAS DE SENDERISMO Y CICLISMO DE MONTAÑA EN EL ENTORNO DE LA ERMITA DE BREAMO EN PONTEDEUME”

Tendo en conta o informe do Técnico de Desenvolvemento Local de data 02/08/2022, o cal establece:

“Axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago (categoría 1ª). (TU501D)

Visto o requerimento de documentación achegado por correo electrónico o 20/07/2022, e dando un prazo de 15 días naturais para subsanar a documentación necesaria para as axudas solicitadas. Área de descanso para peregrinos miradoiro Souto da Vila

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 20 de outubro de 2022 (inclusive).”

AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (MT 975K).

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será: O 30 de novembro de 2022 para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2022. Incluiranse neste orzamento as actuacións executadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de novembro de 2022, se é o caso

O 30 de novembro de 2023 para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2023”

Esta Alcaldía Presidencia **PROPÓN** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 03/08/2022

SEGUNDO.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión dos asuntos:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **AFECCIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO APARCADOIRO**

- **MODIFICACIÓN DE CREDITO 25, SUPLEMENTO DE CRÉDITO E ANULACIÓN PARCIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 20”**

Non habendo intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urgencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 03/08/2022

SEGUNDO.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión dos asuntos:

- **AFECCIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO APARCADOIRO**

- **MODIFICACIÓN DE CREDITO 25, SUPLEMENTO DE CRÉDITO E ANULACIÓN PARCIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 20**

2.- AFECCIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO APARCADOIRO

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

EXPEDIENTE 2022/G006/000186

AFECCIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO APARCADOIRO

Tendo en conta a adquisición de terreos para aparcadoiro segundo os seguintes datos:

1.- *Visto o Decreto n.º 389/2022 de data 07/06/2022, referente a “ADQUISICIÓN TERRENO PARA APARCADOIRO EN ANDRADE”, con n.º de expediente 2021/C009/000002*

Vista a descripción do terreo:

IDENTIFICACIÓN DO BEN	
Referencia catastral	15070A023000090000WF
Localización	POLÍGONO 23 PARCELA 9. CRUCEIRO. 15600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
Clase:	Solo rústico especial protección agropecuaria (R3)



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	<i>Solo rústico especial protección infraestructuras (R7)</i>
Superficie:	1936,00 m ²
Uso:	ZONA DE ESPAREXEMENTO, APARCAMENTO PUNTUAL NA ZONA COLEXIO CEIP DE ANDRADE
Ano de Construción:	SEN CONSTRUCCIÓN

Vista a memoria valorada para a construción de aparcadoiro público temporal no lugar de Cruceiro, polígono 23 parcela 9, elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Couto López en decembro de 2021, co fin de dar solución ao problema de aparcadoiro na zona do colexio público CEIP Andrade.

O ben foi adquirido por adxudicación directa polas súas características segundo informe do arquitecto técnico municipal emitido o día 01/12/2021 e ten como finalidade pública destinarse a zona de aparcadoiro temporal de vehículos. Este aparcadoiro é necesario para mellorar a seguridade viaria da estrada provincial DP0906 e en particular, do alumnado que cursa estudos no CEIP de Andrade e as persoas que os acompañan, xa que a escasa presenza de prazas de aparcamento fronte ao centro educativo e a ausencia de beirarrúa na vía provincial, fai que nas horas puntuais de entrada e saída do centro, sexa complexo e perigoso ao estacionarse os vehículos nos carrís destinados á circulación. Segundo se acredita no expediente considerase viable urbanisticamente a realización dunha explanada que poderá empregarse ocasionalmente como zona de establecemento, sempre e cando se respete o artigo 50.1 do RLSG, e coas mínimas intervención necesarias a realizar no medio.

2.- Visto o decreto n.º 388/2022 de data 07/06/2022 referente a "ADQUISICIÓN DE TERRENO EN OMBREBUFARDA" con n.º de expediente 2021/C009/000003

Vista a descripción do terreo:

IDENTIFICACIÓN DO BEN	
Referencia catastral	9569303NJ6097S0001RR
Localización	LG BUFARDA, PEZA DE DIEGO. 15600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
Clase:	SOLO RÚSTICO: Solo rústico especial protección agropecuaria (R3)



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Superficie:	3001 m ²
Uso:	APARCADOIRO PÚBLICO
Ano de Construción:	SEN CONSTRUCCIÓN

Vista o proxecto valorado para a construción de aparcadoiro público en Ombre elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Couto López en marzo de 2021, co fin de dar solución á problemática de aparcamento na parroquia de Ombre e sobre todo no entorno da igrexa parroquial de Ombre

O ben foi adquirido por adxudicación directa polas súas características segundo informe do arquitecto técnico municipal emitido o día 01/12/2021 e ten como finalidade pública destinarse a zona de aparcadoiro no lugar da Bufarda na parroquia de Ombre.

Segundo se acredita no expediente o uso de aparcadoiro considerase viable urbanísticamente, sempre e cando se respecte o artigo 50.1 (RLSG) e se realicen coas mínimas intervencións necesarias, e se sometan as autorizacións sectoriais necesarias O terreo sobre o que se plantexa a actuación dá solución a petición dos veciños, solventa un problema puntual de estacionamento na zona, permite deseñar un espazo de escaso impacto visual con obras mínimas e a falta de dispor da solución proposta, pode non ter unha repercusión salientable ao elemento de protección e o seu entorno.

3.- Visto o Decreto n.º 444/2022 de data 23/06/2022 referenta a "ADQUISICIÓN TERRENO BOEBRE PARA APARCADOIRO" con n.º de expediente º 2021/C009/000004.

Vista a descripción do terreo:

IDENTIFICACIÓN DO BEN	
Referencia catastral	3847516NJ6034N
Localización	LG BOEBRE 15600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
Clase:	Solo rústico especial protección paisaxística. (R2)
Superficie:	1914,00 m ²
Uso:	APARCADOIRO PÚBLICO



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ano de Construción:	SEN CONSTRUCIÓN
---------------------	-----------------

Visto o proxecto modificado núm. 1 valorado para a construción de aparcadoiro público en Boebre elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Couto López en febreiro de 2021, co fin de dar posibilidade de aparcamento a 40 vehículos na parroquia de Boebre, na zona do entorno da igrexa parroquial.

A parcela sitúase na parroquia de Boebre, na zona da igrexa parroquial de Boebre.

O ben foi adquirido por adxudicación directa e os usos e actividades para as cales se pretende destinar o ben, segundo informe do arquitecto técnico municipal emitido o día 01/12/2021, son admisibles en calquera categoría de solo rústico (art. 51 RLSG) sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística (artigo 36.1 RLSG)

Segundo se acredita no expediente o uso de aparcadoiro considerase viable urbanísticamente, sempre e cando se respecte o artigo 50.1 do RLSG se realicen coas mínimas intervencións necesarias no medio, e coas autorizacións sectoriais necesarias.

O terreo sobre o que se plantexa a actuación da solución a petición dos veciños, solventa un problema de estacionamento puntual na zona, a solución proposta, no proxecto, dispón de autorización da comisión de Patrimonio cultural e non ten unha repercusión salientable ao elemento de protección e o seu entorno; é o único terreo cunha superficie o suficientemente ampla e con acceso a explanada que rodea a igrexa e pódese empregar como zona de inicio para chegar a Punta Camoucelo.

Visto o informe xurídico da Secretaria Xeral de data 02/08/2022

Considerando o establecido no artigo 22,2. 47,2 e 81 da Lei de bases de réxime local así como 8 do Real Decreto 1372/1986, **PROPOÑO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da afectación e alteración da cualificación xurídica dos bens con referencias catastrais indicados en táboa adxunta, establecendo a vinculación destes ao uso xeral ou servizo público de aparcadoiro e a súa consecvente integración no dominio público.

15070A023000090000WF

9569303NJ6097S0001RR

3847516NJ6034N



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



SEGUNDO. *Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.*

TERCEIRO.- *Entenderase o acordo inicial elevado automaticamente a definitivo no caso de non terse presentado alegacións, no período de información pública*

CUARTO. *O Acordo de aprobación definitiva expresa ou tácita debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, estará a disposición para xeral coñecemento na sede electrónica deste Concello*

CUARTO.- *Será incorporado o acordo definitivo que resulte, na vindeira revisión do inventario de bens do concello de Ponte deume, segundo o procedemento legalmente previsto coa xeración das correspondentes fichas na aplicación do inventario municipal*

<https://inventariomunicipal.dacoruna.gal/Invent2/pontedeume/PrincipalMenu.aspx>

Detectase un erro de transcripción, en tanto que

Onde di:

“...//...”

CUARTO. *O Acordo de aprobación definitiva expresa ou tácita debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, estará a disposición para xeral coñecemento na sede electrónica deste Concello*

CUARTO.- *Será incorporado o acordo definitivo que resulte, na vindeira revisión do inventario de bens do concello de Ponte deume, segundo o procedemento legalmente previsto coa xeración das correspondentes fichas na aplicación do inventario municipal*

<https://inventariomunicipal.dacoruna.gal/Invent2/pontedeume/PrincipalMenu.aspx>

Debe dicir:

“...//...”

CUARTO. *O Acordo de aprobación definitiva expresa ou tácita debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, estará a disposición para xeral coñecemento na sede electrónica deste Concello*



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

QUINTO.- Será incorporado o acordo definitivo que resulte, na vindeira revisión do inventario de bens do concello de Ponte deume, segundo o procedemento legalmente previsto coa xeración das correspondentes fichas na aplicación do inventario municipal

<https://inventariomunicipal.dacoruna.gal/Invent2/pontedeume/PrincipalMenu.aspx>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. Daniel Ríos**, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, comenta que recentemente o concello adquiriu terreos nas parroquias de Ombre, Boebre e Andrade. De seguido di, que a urxencia ven motivada por un requirimento dunha subvención solicitada de fondos europeos, sendo necesario dar a ditos terreos o uso a destino público.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta rectificado o erro de transcripción, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da afectación e alteración da cualificación xurídica dos bens con referencias catastrais indicados en táboa adxunta, establecendo a vinculación destes ao uso xeral ou servizo público de aparcadoiro e a súa consecvente integración no dominio público.

15070A023000090000WF
9569303NJ6097S0001RR
3847516NJ6034N

SEGUNDO. Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO.- Entenderase o acordo inicial elevado automaticamente a definitivo no caso de non terse presentado alegacións, no período de información pública

CUARTO. O Acordo de aprobación definitiva expresa ou tácita debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, estará a disposición para xeral coñecemento na sede electrónica deste Concello

QUINTO.- Será incorporado o acordo definitivo que resulte, na vindeira revisión do inventario de bens do concello de Ponte deume, segundo o procedemento legalmente previsto coa xeración das correspondentes fichas na aplicación do inventario municipal

<https://inventariomunicipal.dacoruna.gal/Invent2/pontedeume/PrincipalMenu.aspx>



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 25, SUPLEMENTO DE CRÉDITO E ANULACIÓN PARCIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 20

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación do expediente de modificación de crédito número 25, e anulación parcial da modificación de crédito número 20, ambas na modalidade de suplemento de crédito.

Expediente 2022/T002/000025, relacionado cos expedientes 2022/T002/000020, 2022/A003/000007 e 2022/A003/000023

Vista a modificación de crédito número 20/2022 na modalidade de suplemento de crédito, aprobada na sesión plenaria do 30/06/2022 publicado no BOP número 134, de 15 de xullo, actualmente en exposición pública, expedientes TEdC números 2022/G006/000150 enlazado co 2022/T002/000020

Visto que no dito expediente aprobouse a seguinte modificación:

“...**PRIMEIRO**.- anular parcialmente a modificación de crédito número 3, na modalidade de suplemento de crédito, realizada por importe total de 487.500,08 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de suplemento de crédito na parte relativa ao IDAE, rehabilitación enerxética de servizos sociais, de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
IDAE. Rehabilitación enerxética servizos sociais.-	2020/2/ME/2	2311.63200	194.000	87000	194.000

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 20, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
Pavimentación rúa Valeriano	2022/2/MV/5	1532.61900	48.254,17	87000	262.065,58



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Villanueva					
Pavimentación rúa do Picho	2022/5/MV/6	1532.61900	46.814,56		
Ampliación camiño de A Graña a Figueirido	2022/5/MV/7	1531.61900	12.342		
Subministración xogos de parque infantil en Ombre	2022/5/MV/8	171.61900	18.100		
Construción de aparcamento público en Avda. Ricardo Sánchez, Boebre, Avda. do Peirao, Ombre, S. Pedro de Vilar		133.60900	84.529,35		
Subministración de mesas y sillas	2022/2/MV/9	920.62500	3.949,20		
Subministración de parquímetros	2022/5/MV/10	133.60900	17.240,02		
Instalación de puntos de luz	2022/5/MV/11	165.60900	13.720,83		
Renovación peche pista Sarmiento	2022/5/MV/12	342.61900	10.952,25		
Dotación instrumentos local de ensaio	2022/2/MV/13	334.62300	6.163,20		





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto que por Resolución da Alcaldía Nº 390 do 07/06/2022, apróbase o gasto por importe de 118.000,00 € para a adquisición de terreo na R./ Empedrado, 21 de Ponte deume, con destino a aparcamento, non estando contemplado o importe de 24.780,00 € do IVE correspondente, tendo solicitada xa unha aclaración da taxación realizada por Gongil Arquitectura SLP.

Visto tamén que por Resolución da Directora de Turismo da Xunta de Galicia do 27 de xuño de 2022, resolveuse conceder unha axuda de 15.000,00 € ao Concello de Ponte deume, para o proxecto denominado “Área de descanso para peregrinos miradoiro Souto da Vila”, cun orzamento total subvencionable de 40.247,06 €, resultando unha achega municipal de 25.247,06 €.

E vista a Resolución do 13 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de novembro de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 238, do 14 de decembro) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, na que se concede unha subvención ao Concello de Ponte deume de 39.612 euros.

Na dita axuda se solicitaba “30.000 euros para o camión e 10680 euros para campaña de divulgación e outros materiais” polo que o IVE, non subvencionable, para a adquisición do camión ascendería ao importe de 6.300 euros

Tendo en conta a non disposición dalgún dos terreos neste momento que imposibilita a execución da construción deses aparcamentos públicos na presente anualidade, procedendo a minoración da contía destinada a tal efecto; e vista a necesidade de utilizar o dito remanente para acometer os investimentos indicados (pola parte do IVE no caso do terreo sito na R. Empedrado e pola achega municipal pola referida á subvención do proxecto “area de descanso para peregrinos miradoiro Souto da Vila”

E visto o informe de Intervención de referencia 262/2022 que consta no expediente,

Esta Alcaldía-Presidentencia formula a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Anular parcialmente a modificación de crédito número 20, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
--------------	-------------------	-----------------	--------	-------------	--------



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Construción de aparcamento público en Avda. Ricardo Sánchez, Boebre, Avda. do Peirao, Ombre, S. Pedro de Vilar		133.60900	- 56.327,06	87000	-56.327,06
--	--	-----------	-------------	-------	------------

De forma que unha vez realizada a dita anulación o expediente de modificación de créditos número 20 quedaría como segue:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
Pavimentación rúa Valeriano Villanueva	2022/2/MV/5	1532.61900	48.254,17	87000	205.738,52
Pavimentación rúa do Picho	2022/5/MV/6	1532.61900	46.814,56		
Ampliación 12amino de A Graña a Figueirido	2022/5/MV/7	1531.61900	12.342		
Subministración xogos de parque infantil en Ombre	2022/5/MV/8	171.61900	18.100		
Construción de aparcamento público en Avda. Ricardo Sánchez, Boebre, Avda. do Peirao, Ombre, S. Pedro de Vilar		133.60900	28.202,29		



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Subministración de mesas y sillas	2022/2/MV/9	920.62500	3.949,20		
Subministración de parquímetros	2022/5/MV/10	133.60900	17.240,02		
Instalación de puntos de luz	2022/5/MV/11	165.60900	13.720,83		
Renovación peche pista Sarmiento	2022/5/MV/12	342.61900	10.952,25		
Dotación instrumentos local de ensaio	2022/2/MV/13	334.62300	6.163,20		

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 25, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
Adquisición terreo para aparcadoiro na Rúa Empedrado, 21 de Ponte deume (Importe IVE)	2022/5/MV/1	150.60000	24.780,00	87000	56.327,06
Xestión biorresiduos. Camión compactador	2022/2/NH/1	1621.62300	6.300		
Área de Descanso para Peregrinos Miradoiro Souto	2022/2/NG/1	170.60900	25.247,06		



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

da Vila					
---------	--	--	--	--	--

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. Daniel Ríos**, comenta que no anterior Pleno fixérase un modificativo de crédito por importe de 84.000 €, neste transcurso de tempo, dende a súa aprobación, concederon ao concello dúas subvencións solicitadas, unha para adquisición dun vehículo de lixo, e outra para a construción dunha área de descanso para peregrinos no Milladoiro Souto da Vila, entón o que se fai, e xerar crédito para esas subvencións. De seguido di, que con respecto ao vehículo compactador, a contía é de 6.300 €, e na área de descanso a subvención é de 15.000 €, mentres que o concello aporta 25.000 €. Finalmente indica, que a maiores, no terreo de Empedrado, ao ser o propietario unha empresa, hai que pagar o IVE, neste caso de 24.780 €.

- **Toma a palabra D^a Rocio Souto**, concelleira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, pregunta se se tiña previsto a subvención, por qué se retira diñeiro desa partida.

- **Toma a palabra D. Daniel Ríos**, responde que cando se pide unha subvención, unhas veces a conceden e outras non, cando a conceden, o que se fai e xerar crédito para outras partidas do orzamento.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, Alcalde do concello, explica que hai unha serie de convocatorias de subvencións da Xunta, e outros organismos, que non se sabe de antemán o porcentaxe que van a conceder, no caso de que a concedan, e neste suposto, o único xeito que hai para habilitar crédito é mediante este modificativo, salvo que nunha partida houbera crédito, entón habería que facer un modificativo por decreto de Alcaldía, en vez de ir ao Pleno.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Anular parcialmente a modificación de crédito número 20, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONC EPTO	CONTÍA
Construción de aparcamento público en Avda. Ricardo Sánchez, Boebre, Avda. do Peirao, Ombre, S. Pedro de Vilar		133.60900	- 56.327,06	87000	-56.327,06



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

--	--	--	--	--	--

De forma que unha vez realizada a dita anulación o expediente de modificación de créditos número 20 quedaría como segue:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
Pavimentación rúa Valeriano Villanueva	2022/2/MV/5	1532.61900	48.254,17	87000	205.738,52
Pavimentación rúa do Picho	2022/5/MV/6	1532.61900	46.814,56		
Ampliación 15amino de A Graña a Figueirido	2022/5/MV/7	1531.61900	12.342		
Subministración xogos de parque infantil en Ombre	2022/5/MV/8	171.61900	18.100		
Construción de aparcamento público en Avda. Ricardo Sánchez, Boebre, Avda. do Peirao, Ombre, S. Pedro de Vilar		133.60900	28.202,29		
Subministración de mesas y sillas	2022/2/MV/9	920.62500	3.949,20		
Subministración de parquímetros	2022/5/MV/10	133.60900	17.240,02		



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Instalación de puntos de luz	2022/5/MV/11	165.60900	13.720,83		
Renovación peche pista Sarmiento	2022/5/MV/12	342.61900	10.952,25		
Dotación instrumentos local de ensaio	2022/2/MV/13	334.62300	6.163,20		

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 25, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
Adquisición terreo para aparcadoiro na Rúa Empedrado, 21 de Pontedeume (Importe IVE)	2022/5/MV/1	150.60000	24.780,00		
Xestión biorresiduos. Camión compactador	2022/2/NH/1	1621.62300	6.300	87000	56.327,06
Área de Descanso para Peregrinos Miradoiro Souto da Vila	2022/2/NG/1	170.60900	25.247,06		

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e catro minutos do expresado día.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de día 28.09.2022, segundo o borrador asinado o día 20.09.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

